

Primeiro. Persoas beneficiarias

Persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de propietarias do inmovible no que se executen as obras, tanto se son comunidades ou mancomunidades de persoas propietarias legalmente constituídas, como agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, que promovan e executen ou teñan executado, no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2020 e o 31 de outubro de 2020 as actuacións obxecto de fomento.

Para as actuacións do exercizo 2021, publicarase a correspondente convocatoria dentro de dito exercizo.

Segundo. Obxecto

Fomento da mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificacións residenciais colectivas existentes no termo municipal de Vigo, ubicadas en solo clasificado como urbano, con antigüidade superior a 20 anos e unha altura superior a dous plantas máis baixo.

Terceiro. Bases reguladoras

As Bases reguladoras, así como os seus anexos, publicáronse no BOP de Pontevedra n.º 133, do martes 14 de xullo de 2020, así como no Portal de transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/>.

Cuarto. Contía

A cuantía destinada a estas axudas, que se convocan en réxime de concorrência competitiva e que terán o carácter de subvención a fondo perdido ascende a 50.000 euros. A contía máxima subvencionable por edificación residencial colectiva é de 3.000 euros. Non existe límite de persoas beneficiarias.

O procedemento de adxudicación realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas Bases, adxudicándose as axudas proporcionalmente á puntuación obtida cun máximo de 100 puntos.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Tres meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra, por conducto do BDNS.

Sexto. Outros datos

Acordo de convocatoria: Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de datas 5 de maio de 2020 e 16 de xuño de 2020.

Gastos subvencionables: tanto a execución material da obra como os honorarios correspondentes á redacción da documentación técnica preceptiva.

Anticipos: non se admiten solicitudes de abonos a conta ou anticipos.

Compatibilidade: estas axudas municipais son compatibles con outras subvencións para a mesma finalidade.

Criterios de valoración: antigüidade, número de plantas, ocupación, accesibilidade de residentes, presuposto de execución e catalogación.

Título habilitante: licenza municipal de obras e/ou comunicación previa de obras, acompañadas da documentación técnica preceptiva.

Prazo de resolución: 3 meses

Prazo de xustificación: ata o 15 de novembro de 2020 para as solicitudes achegadas no exercizo 2020

Anexos: existen modelos normalizados de solicitudes e xustificación.

Abono: transferencia bancaria.

Vigo, na data da sinatura dixital

María José Caride Estévez, A VICEPRESIDENTA DA XMU (Resolución do 11.07.2019);